

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Santiago e a peregrinaxe

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A peregrina decapitada

Cando a Reconquista trece cabaleiros leoneses xuraméntanse para defender coas súas armas o Camiño de Santiago e aos peregrinos que por el pasasen.

Nas proximidades da Torre de Doncos, tamén chamada Fortaleza da Grupa e de San Agostiño, no concello de As Nogais (Lugo), un fato de xinetes musulmáns ataca a unha parella de peregrinos cristiáns, home e muller, e un deles foxe coa dama sobre as ancas do seu branco cabalo.

Un dos trece xuramentados veo todo desde a torre, avisa aos outros compañeiros e dispóñense a perseguir ao secuestrador para liberar a muller. Pero o mouro, véndose acurrado, revírase na sela e co seu alfanxe, dun só corte, ségalle o pescozo á súa prisioneira. Disque o sangue da muller tinguíu de vermello a brancura do cabalo do seu asasino.

Textos extraído de: Miranda, X. e Reigosa, A. (2004): *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.